



Índice

Aforo.....	2
Alertas.....	2
Actividades extraescolares.....	3
Alumnado.....	3
Aplicación Educovid.....	4
Aulas hospitalarias.....	4
Canle de dúbidas.....	5
Centro de saúde de referencia.....	5
Cobertura sanitaria.....	5
Contactos no caso de sintomatoloxía COVID.....	5
Comedores e merendas.....	7
Declaración responsable.....	8
Educación Física.....	8
Equipo Covid.....	9
Filtros HEPA.....	9
GCE.....	10
Incorporación ao centro despóis dun positivo:.....	10
Materiais escolares e outros.....	10
Material e medidas de protección complementarias.....	12
Máscaras.....	13
NEAE.....	15
Organización dos recreos.....	16
Ozono.....	17
Persoal de limpeza.....	17
Probas serolóxicas e PCRs.....	17
Residencias de estudantes.....	18
Responsabilidade xurídica.....	18
Sala de illamento do alumando.....	19
Sintomatoloxía da COVID_19 e xestión do Sergas e dos seguros privados.....	20
Transporte.....	22
Ventilación das aulas.....	23
Xestión de residuos.....	23
Xustificación faltas de asistencia ou baixas.....	23



Aforo

Para calcular o aforo, pódese realizar un cálculo simple, dividir o total de metros útiles entre 3 metros cuadrados (o espazo que ocupa unha persoa) e así calculamos o aforo que pode existir.

O noso instituto ten dous bedeis. A conserxería é pequena (7 m²) e a fotocopiadora funciona constantemente. É recomendable que no estén os dous ao tempo nese espazo tan?

O espazo establecido por persoa nun sitio cerrado para manter a distancia física adecuada é de 3 m². Se hai 7 metros sería suficiente para dúas persoas. Sería importante manter unha adecuada ventilación, uso de máscaras e hixiene de mans.

Alertas

Cal será o procedemento a seguir para dar unha alerta en Educovid?

Se o caso é unha sospeita, a familia poñerase en contacto co seu pediatra/médico. Se se trata dun caso confirmado, recibírase a alerta por parte do centro á aplicación EduCovid.

Non me queda moi claro o procedemento a seguir no caso dunha **sospeita** de Covid. O equipo Covid ten que chamar aos facultativos do centro de saúde, ou solo hai que poñerse en contacto no caso de dar positivo?

O equipo covid, só avisará aos facultativos do centro de saúde de referencia se existise un caso positivo no centro educativo. As sospeitas non se comunicarán.

Como se comunica á comunidade educativa a aparición dun abrocho?

Se aparece un caso positivo, unha alerta da Central de Seguimento de Contactos chegará á aplicación EduCovid de cada centro educativo que iniciará o procedemento Corentena

Hai que avisar á comunidade educativa se hai algún caso confirmado? porque neste curso se falaba de confidencialidade. A qué se refería?

A confidencialidade refírese a que non debe difundirse o nome do/a neno/a que deu positivo.

Se un alumno/a dá positivo na PCR está obrigado a informar ao Centro ou é Sanidade quen se pon en contacto con nós?

Todos os casos positivos serán comunicados pola Central de Seguimento de Contactos por medio dunha alarma ao centro educativo mediante o EduCovid.

Cando se considera que un alumno ou profesor ten COVID para proceder co protocolo de illamento ou a corentena domiciliaria? Cantos e cales son os síntomas que poden distinguir o Covid de outras enfermidades





Non hai un número mínimo de síntomas. A aparición da enfermidade é moi diversa e ten diversa sintomatoloxía de inicio. É preferible ter a prudencia de solicitar consulta ao médico de familia ante calquera síntoma sospeitoso.

É o equipo covid quen debe informar ás autoridades sanitarias deses contactos?

Non, a Central de Seguimento de Contactos é quen solicita os datos aos titores/as do neno/a.

Onde podo consultar un documento oficial que recolla a duración do virus nas diferentes superficies?

A OMS publicou a supervivencia do virus nas diferentes superficies:

https://www.who.int/es/emergencies/diseases/novel-coronavirus-2019?gclid=Cj0KCQjwxNT8BRD9ARIsAJ8S5xZjVvgBJGYw60-eeZYbU7cG4IBzjcXtl757-DK0pjKwQrhK3cf9qdYaAm5PEALw_wcB

No caso de que algún alumno/a presente sintomatoloxía no centro, cales serían os pasos a seguir na aula? Co resto de compañeiros, profesorado, medidas de desinfección da aula ordinaria.....

O resto dos compañeiros continuarán na clase ata que se determine o positivo do compañeiro. Non será necesario realizar ningunha desinfección específica.

Se houbese un abrocho nun aula, que sucede cos mestres especialistas? Que sucedería coas outras aulas nas que eses mestres tamén imparten clase?

Estas decisións as tomará a Xefatura Territorial en función da rede de contactos estreitos.

Actividades extraescolares

Dúbida da ANPA, poden ofertar actividades mezclando os/as nenos/as de diferentes aulas?

Sí é posible si se manteñen as normas básicas (máscara, ventilación, hixiene de mans e distancia física).

Alumnado

Pode cambiarse o alumando de sitio dentro da aula? En caso afirmativo, canto tempo tería que pasar para realizar tal modificación?

O recomendable é que o alumnado se mova o menos posible. Se existise algún cambio, este debe ser rexistrado de novo para identifica a rede de contactos de cada alumno.

O alumnado pode saír ao encerado? Nese caso, que medidas deberían cumprir?

Pode. Necesita uso de máscara e hixiene de mans se toca o xiz.

Cal é o protocolo de intercambio de clase entre unha e outra sesión no referente ás entradas e saídas da aula de alumnado e profesorado?

Deben saír en liña e cunha separación de 1,5 metros entre eles, e pegados ao lado dereito do corredor.





Se houberse algúns alumnos cunha patoloxía importante, que seguridade lle podemos ofrecer desde o centro a estes alumnos? Están dispensados de asistir ao centro por motivos de saúde?

Diversas Institucións estatais como a Fiscalía xeral de Estado ou o Mº de Educación insistiron nos últimos meses na obrigatoriedade da escolarización obrigatoria aos menores de 16 anos

Para tranquilidade das familias, o centro escolar vai ser un lugar seguro onde se minimizará a transmisión do virus coa batería de medidas establecidas. A pesar diso a garantía de contaxio 0 non existe.

Aplicación Educovid

Cada vez que haxa alguén con síntomas ademáis de illalo, hai que subilo á aplicación?

Non se subirán á aplicación nenos/as con síntomas. Só se incluírá o alumnado tras a alerta da Central de Seguimento de Contactos.

Para que serve exactamente a información que se sobe á aplicación?

Esa información determinará a rede de contactos de cada alumno/a cando exista un caso covid positivo no centro.

Como funciona o sistema de alertar en EduCovid ?

A Central de seguimento de contactos alerta ao centro educativo mediante unha alerta á aplicación EduCovid. Nese momento iniciase a búsqueda da rede de contactos.

Quen nos informa de quen é o noso sanitario de referencia?

A Central de seguimento de contactos.

Debemos elaborar os coordinadores/as dos equipos covid do centro (mestres/as) as pautas sanitarias para o alumnado, o resto do profesorado e as familias? Non sería máis adecuado que esa formación partira do persoal sanitario e os centros nos encargáramos de difundilo?

Así foi feito.

Cales son e onde están localizables os teléfonos da Xefatura Territorial de Sanidade e dos centros de saúde de referencia?

Os teléfonos tanto da Xefatura Territorial como dos centros de saúde de referencia de cada centro educativo están publicados na documentación e na aplicación EduCovid, respectivamente.

Aulas hospitalarias

No caso das aulas hospitalarias (espazos educativos insertos nunha contorna hospitalaria). Cales serían as recomendacións específicas a seguir en canto a rateo de alumnado simultáneo, distancia, tempos de permanenza na aula, ventilación e calquer outro aspecto que consideren como os desprazamentos da habitación á escola.

O caso das aulas hospitalarias, rexerase polo establecido no propio centro hospitalario.





Cal sería a referencia a nivel de aulas hospitalarias no caso do alumnado hospitalizado que asiste ás mesmas dentro dunha área sanitaria, por exemplo Ferrol. o propio hospital? o centro de saúde do neno/a?

O caso das aulas hospitalarias, rexerase polo establecido no propio centro hospitalario.

Quen será o interlocutor covid para este tipo de centros educativos de cara á formación, asesoramento e información?

A xerencia do Hospital

Canle de dúbidas

Como nos podemos comunicar coas Consellerías de Sanidade e Educación?

Existen diversas opcións. Ademais do contacto co centro de saúde de referencia, está aberta unha canle na Consellería de Cultura, Educación e Universidades e as propias xerencias das Áreas Sanitarias están a dar formacións aos centros educativos onde se poderán consultar dúbidas.

Centro de saúde de referencia

Que pasa no caso de que o Centro de saúde de referencia do centro educativo non sexa o mesmo que o dos alumnos?

No caso de algunha persoa con síntomas compatibles, debe contactar co seu pediatra/médico, ao centro de saúde de referencia só se comunicarán os casos positivos xa confirmados. Neste caso, o alumnado con síntomas se ten o seu médico habitual, acudirá ao seu centro de saúde familiar.

Cobertura sanitaria

Non queda claro que ocorre cando algún alumno/a ou profesor/a ten cobertura sanitaria privada. Crúzanse os datos e lle chegan ao Sergas? Temos que ter en conta algunha cuestión referente a isto?

No caso de persoal ou alumnos con cobertura sanitaria que non é do Sergas, deberán poñerse en contacto co seu médico/a. A rede de alertas da autoridade sanitaria ten tamén incluídos os casos de probas realizadas nas privadas.

Contactos no caso de sintomatoloxía COVID

Defínese contacto estreito estar 15 min a menos de 1,5m sen a máscara posta. Con esta definición e dadas as medidas que temos que tomar en primaria, estas consideracións non se darán nunca. Como definimos entón contacto estreito? Toda a clase?

A definición de contacto estreito é como informa. É certo que se non se cumpren todas as indicacións, non será contacto estreito.





Onde se pode atopar un listado completo de teléfonos, correos e persoas de contacto da Consellería de Educación, Xefaturas Territoriais de Educación e Sanidade etc....?

Os contactos dos centros de saúde de referencia están na aplicación EduCovid.

Un alumno cun familiar/ persoa convivinte en corentena, por ter contacto estreito cun positivo en Covid-19. Debe gardar corentena?

Só son contactos estreitos e deben gardar corentena aquelas persoas que tiveron contacto cun caso positivo, non con un contacto estreito.

¿Quen se considera contacto máis próximo de un infectado en un aula?

O Equipo Covid de cada centro educativo deberá identificar a “rede de contactos” de cada persoa covid positiva do centro. Isto determínase tendo en conta as persoas que se atopan en un radio inferior a 2 metros. Os “contactos estreitos” determínanos a autoridade sanitaria en colaboración co Equipo Covid.

Se un convivinte está en corentena por estar **en contacto** cun positivo o profesor ou alumno pertencente a ese núcleo familiar pode acudir ao centro?

O contacto do contacto estreito non debe gardar corentena.

En caso de ter un convivinte sospeitoso deberíamos facer corentena ata a confirmación. Prevese que esas ausenzas sexán xustificadas por motivo da pandemia?

O Goberno de España creou o programa “Me cuida” para estes momentos.

É necesario subir a relación de alumnado e de personal dos GEC a algunha aplicación? Como se fai para trasladar estes listados ás autoridades sanitarias? Quen debe estar nestes grupos, mestres/as, alumnos/as, as coidadoras de comedor, coidadoras de transporte e condutores do autobús?

Unha vez que chegue unha alerta á EduCovid, o equipo Covid deberá introducir na rede de contactos do membro da comunidade educativa que se encontre a menos de 2 metros do covid positivo. Tamén se debe incluír a coidadores e profesorado, se cumpren esta condición.

¿Cales son considerados contactos estreitos dun alumno que dá positivo? Na aula ten posto fixo pero no recreo ou en educación física pode relacionarse con outros compañeiros.

Os equipos covid dos colexios identificarán a “rede de contactos”, que son aquelas persoas que se encontran a unha distancia de menos de 2 metros nas aulas, comedor ou transporte escolar. A identificación dos “contactos estreitos” será realizada en colaboración coa autoridade sanitaria.

No caso do alumnado que teña irmáns ou irmás. Qué deberíamos facer con estes? Tamén se illarían ou permanecen no cole ata a sanidade asesore?

O irmán ou a irmá irá á escola ata ter o resultado da proba. Se fose positivo, este converteríase nun contacto estreito e tería que corentenarse. Se fose negativo, podería acudir ao centro de forma normal.



No caso de irmáns que acoden a distinto centro educativo, se un deles entra en corentena porque está en contacto cun positivo da súa aula o irmán que asiste a outro centro educativo tamén debe facer a corentena?

O outro irmán non estará en corentena porque só se pode corentenar aquelas persoas en “contacto estreito” dun caso positivo confirmado.

Se hai un positivo nunha aula, debe corentenarse toda a aula, ou só os compañeiros máis directos.?

A rede de contactos é formada polos alumnos que se encontren a unha distancia menor de 2 metros do caso positivo.

No caso de corentenar unha aula enteira, durante este período, o profesorado que intervimos nesa aula tamén teremos que gardar corentena? Como mínimo intervimos nove profesores/profesoras nun aula de secundaria-bacharelato.

Se se confinara unha aula completa, haberá que analizar cal é o grado de exposición de cada persoa.

Cando aparece un alumno/a con síntomas e da positivo da COVID-19, teríamos que incluír como contactos estreitos os alumnos que usan o seu pupitre nun desdobre, aínda que ese pupitre e a súa cadeira correspondente teñen que hixenizarse antes de usalos outro/a alumno/a?

A rede de contactos é a establecida polas indicacions de: distancia menor de 2 metros, máis de 15 minutos de contacto e a non utilización de máscaras.

Comedores e merendas

No comedor a distancia mínima é de 1.5 metros colocados en diagonal e mirando na mesma dirección. Isto é así salvo en grupos estables de infantil. Nun grupo estable de primaria pódese reducir a distancia de seguridade, como indica o punto 14.1 do protocolo 31-08-20?

Si, entre os membros dun GCE pode reducirse a distancia de seguridade.

Seguridade á hora das merendas dentro da aula cando non sexa posible realizalas no exterior, opcións máis axeitadas. Un profesor/a con 25 alumnos/ as non garante a distancia de seguridade.

Insistir na limpeza de mans e en que só se retirarán as máscaras para a inxesta de alimentos. Unha vez finalizada, deberán poñerse de novo as máscaras.

No comedor, é necesario manter unha distancia de 1.5m nunha mesa entre o alumnado dun mesmo GEC?

Non, se é un GEC pode asumirse unha distancia interpersoal inferior.

No comedor, poden comer diferentes GEC ao mesmo tempo, sempre a máis de 1.5m un GEC de outro? É necesario poñer mampara de a distancia está asegurada e a ventilación tamén?



Si, poden comer distintos GEC sempre que se separen 1,5 metros entre eles. A ventilación tras a comida dun grupo debe estar asegurada sempre.

Entre cada plato debe usarse a máscara?

A máscara nos momentos do comedor só se quitará para a inxesta. Se existisen dous pratos, no intervalo deberán poñer a máscara.

Cal sería a forma máis segura de realizar as merendas do recreo?

Sentados no seu pupitre colocados en secundaria a 1.5m uns dos outros dende o centro da cadeira e en EP á maior distancia posible que permita a aula; ou no patio.

Declaración responsable

Que facemos co alumnado que non ten declaración responsable dos pais/nais firmada?

A declaración responsable é unha obriga dos pais antes da inscrición no centro educativo.

Educación Física

Se se fai exercicio coa máscara, ésta vai humedecerse e polo tanto quedaría inutilizada. Deberían pedir unha máscara específica, si é que existe, ou pola contra, pedir unha mais de reposto a familia, para os días que teñan clase de educación física?

Sí, durante a clase de educación física é obrigatoria a utilización de máscara a partir dos 6 anos. Indícase ás familias que leven no mínimo dous recambios de máscaras por se fose necesario cambiala. Se está humedecida, debería cambiarse pola de reposto.

Se se realiza unha carreira no exterior sen máscara, cantos metros serían os mínimos recomendados?

Dependendo da actividade física, normalmente con máis de 2 metros é suficiente para unha actividade normal.

No ximnasio desinfectando as mans ao entrar, se realizamos traballo no chan sen material por grupos en circuíto (rotando de lugar o alumnado) é necesario desinfectar o chan cada vez que o alumno cambie de sitio? Un exemplo sería facer estiramientos no chan, fondos de brazos ou abdominais e rotar (todo por suposto de maneira moi suave). De ser a resposta negativa, utilizando unha alfombra desinfectante na entrada poderíase?

O fundamental é non retirar a máscara, ventilación e realizar hixiene de mans.

Pódese ter clase dentro dun ximnasio escolar cerrado ou ten que ser sempre ao aire libre?

Pode facerse nun espazo cerrado coa adecuada ventilación.

Pódese utilizar material como aros, balóns, colchonetas, cordas...?

Pódese se se mantien de forma previa a súa utilización unha adecuada hixiene de mans por parte dos alumnos.





Debe minimizarse o uso de materiais compartidos e actividades con contacto. Que probabilidade ou risco atoparíamos en actividades onde se comparta un balón co pé ou coa man (asumindo unha correcta hixiene de mans previa)?

Correcto. Debe minimizarse, e se non houberse outra solución é necesario que os alumnos fagan unha adecuada hixiene de mans antes de compartir os obxectos.

Como debe realizarse a limpeza e desinfección de materiais de uso individual (aros, cordas...)? Deben gardar unha corentena posterior ao seu uso?

A limpeza de desinfección realizaranse cos virucidas aprobados polo Ministerio de Sanidade. Non será necesario a corentena dos obxectos.

Se en primaria son aulas burbulla, as normas na clase de Educ. física son as mesmas que en secundaria?

As mesmas.

Na área de EF, os nenos da mesma clase, poden compartir material como GEC previamente distribuído por aula e non transferible a outras? Ou debe ser só de uso individual?

Recomendable de uso individual, pero poderían compartilo se hai unha hixiene previa das mans e limpeza posterior do material.

Nos CRAs o alumnado de infantil e primaria comparte espazo. Ata os 6 anos o uso da máscara non é obrigatorio, no caso de educación física tampouco?

No caso de Educación Física é necesario o uso de máscara

Equipo Covid

Se os membros do equipo COVID-19 deben permanecer co alumno/a que presenta síntomas e finalmente se confirma o positivo, serían considerados contactos estreitos?

Non, porque manteríanse as medidas de distancia física e utilización de máscara cirúrxica.

No noso centro de saúde de referencia haberá un equipo COVID do centro sanitario?

Os Equipos-Covid Escolas do centro de saúde están dispoñibles para calquera dúbida ou incidencia. O contacto realizarano os directores dos centros mediante correo electrónico ou teléfono.

Sería aconsellable que a doutora que temos asignada nos dera o seu teléfono mobil persoal? Non sei se será viable

Entendemos que os teléfonos persoais dos profesionais non deben ser comunicados excepto que o fagan eles por vontade propia. Incluímos os teléfonos das centralitas dos centros de saúde e a dirección de correo electrónico para a súa comunicación.

Unha das funcións do equipo Covid é informar ou formar, á comunidade educativa: profesorado, persoal no docente, familias e alumnado nas etapas obrigatorias, a quen





corresponde este labor nas etapas de educación non obrigatoria (por exemplo alumnado de FP)?

[Este labor de formación do alumnado de etapas non obrigatorias dependerá dos propios titores e profesores dos centros.](#)

Filtros HEPA

Son efectivos os purificadores de aire ou filtros HEPA poden ser recomendables para crear un entorno un máis seguro? Pode ser recomendable utilízalos nas aulas que estén máis cargadas de alumnado? De ser así, como sería a forma correcta de utilízalos?

[Non é certo. A única medida confirmada e válida para purificar o aire é a ventilación que será dun mínimo de 10 minutos cada hora ou hora e media.](#)

Unha familia do centro, a través da ANPA, fixo a proposta de instalar nas aulas purificadores de aire con filtro HEPA. Son unha opción complementaria a considerar?

[Os filtros HEPA non son útiles si se mantén unha adecuada ventilación. Poderían utilizarse en espazos pechados que necesiten dunha calidade do aire elevada coma un quirófano.](#)

GCE

O noso Ceip conta con 2 unidades de infantil e 1 de primaria, en total 31 alumnos/as, pendentos dun posible traslado quedaríamos con 29. Hai 5 irmáns de infantil con irmáns na aula de primaria, polo que os grupos de convivencia estable non estarían completamente illados. Sería posible realizar o recreo conxunto sen realizar dúas quendas? Isto facilitaría bastante a adaptación aos nenos/as de 3 anos con irmáns en primaria. O noso centro é pequeno e moi familiar.

[Deben manterse os grupos de convivencia estable no máximo tempo posible sen mezclarse con outro alumnado.](#)

Alumnado de escolarización combinada, entendemos que non mantén o grupo estable de convivencia, que medidas adicionais habería que tomar se é preciso.

[Nestes casos, os alumnos de escolarización combinadas pertencerán a dous grupos de convivencia estable.](#)

Incorporación ao centro despois dun positivo:

Unha vez detectado un positivo, canto tempo hai que esperar para reincorporarse ao centro? non sería necesario efectuar unha PCR para confirmar que non hai perigo de contaxio para os demais?

[Ao fin dos 10 días tras o inicio dos síntomas e tras 3 días asintomático sen tomar medicación, xa podería ir ao colexio. Non se necesita outra PCR de confirmación.](#)



Materiais escolares e outros

Poden entregarse folios? Cantos días habería que deixar en corentena antes de poder corrixilos?

Poden entregarse. O virus no papel, estímase que vive unhas 3 horas.

É suficiente que o material de cartón e papel estea en cuarentena 4 horas?

Necesita un mínimo de 3 horas. Fundamental manter unha adecuada hixiene de mans.

As libretas dos alumnos, os exames...¿Necesitan algún tipo de limpeza ou desinfección?

Non, ningunha.

Poden entregarse folios? Cantos días habería que deixar en corentena antes de poder corrixilos?

Poden entregarse. O virus no papel, estímase que vive unhas 3 horas.

Pódense ter na aula contedores para o reciclado de papel?

Non habería problema.

Que tempo de corentena precisan os computadores antes de usalos outra persoa?

Non precisan corentena. Necesita que aquela persoa que o use, faga hixiene de mans con xel hidroalcohólico.

Débense retirar/inutilizar os secamans eléctricos dos cuartos de baño? Pódese empregar indistintamente ao dispensador de panos desbotables?

Non está aconsellada a utilización de secamans por aire. É preferible a utilización de papel e papeleira con tapa.

En que momentos se debe desinfectar os pupitres dos alumnos?

Se o escritorio vai ser utilizado por outra persoa debe ser hixienizado antes da nova utilización. En caso contrario, ao final da xornada lectiva.

Canto tempo de corentena precisan os materiais da aula de infantil ? A desinfección constante con 18 ou 20 nenos/as, sen ningún tipo de apoio na aula, parece bastante complicada.

Os materiais da aula deberán ser hixienizados dun día para outro, pero non é necesario que se cuarentene o material.

Pódense corrixir os libros e levalos para outro lugar distinto á aula con este fin?

O recomendable é que os libros se manexen por unha só persoa (o alumno). Se se tivesen que tocar, convén manter unha estrita hixiene de mans. Estímase que o virus permanece no papel unhas 3 horas de media.

No caso de haber unha axenda de comunicación que usa profesorado, alumnado e familias, pódese seguir usando ou sería máis acertado empregar un medio telemático de comunicación?





O máis adecuado será a utilización de medios telemáticos. Aínda así, podería se utilizar mantendo unha estrita hixiene de mans. Estímase que o virus permanece no papel unhas 3 horas de media.

Respecto ao material escolar: fotocopias na aula, os libros e/ou cadernos ... que protocolo se debe seguir? O material plastificado e desinfectado poderíase compartir no mesmo día?

O máis importante e que antes de tocar obxectos de uso compartido, se realice unha adecuada hixiene de mans.

Organización do papeleo do centro: autorizacións, comunicados, sinaturas... Pódese facer entrega de sobres?

Podese facer entrega de sobres e papeis. Mantendo as medidas de hixiene de mans, non habería problema.

Material e medidas de protección complementarias

Qué indumentaria de protección é a mais aconsellable para as coidadoras do comedor, contando con que neste espazo os nenos/as van a estar sen máscara mentras comen, sendo un número elevado de alumnos/as en cada quenda? Son adecuadas as batas normais de cociña?

Será necesario unha bata, que se lavará diariamente e unha máscara que será hixiénica ou cirúrxica.

Vanse facilitar medidas de protección específicas para os mestres/as de PT, AL ou especialistas de infantil? Estes mestres/as traballan a diario con nenos/as sen máscara (no caso de infantil) e/ou con nenos/as con características de especial dificultade para que cumpran as medidas de seguridade e hixiene.

As medidas son idénticas para toda a comunidade educativa: máscara, hixiene de mans, ventilación e distancia física.

Cales son as recomendacións para atender o alumnado que non poida levar máscara: situación na aula, distancia co resto dos compañeiros...?

Nestes casos, deberíase mante un estrita distancia física, utilización de pantallas ou mamparas.

O profesor/a terá que manter a distancia de seguridade de 1,5 co alumno/a se ten algunha dúbida que resolverlle persoalmente na aula ,no seu propio pupitre? Nas materias prácticas , como tecnoloxía,plástica...etc, pode achegarse ao alumno ?

Para estas actividades, deberá manterse a distancia física de forma que si fose necesario achegarse se poderán utilizar pantallas por parte dos profesores.





Máscaras

Qué tipo de máscara poden usar os docentes e persoal dos centros? E nos comedores escolares?

O tipo de máscara a utilizar nos comedores e no resto dos espazos educativos é o de máscaras hixiénicas ou cirúrxicas.

Se o alumando acude o centro sen mascariña, facilítalla o centro ou deben volver a casa?

En principio, deberían ir ao domicilio a coller a máscara, independentemente que o colexio teña algunha máscara.

Os alumnos poden usar calquer tipo de máscara? Como proceder coa de recambio?

Poden ser hixiénicas (recomendado que cumpra as normas UNE 0065) ou cirúrxicas. A máscara pode cambiala o alumnado en calquera idade escolar, que se cambiará en caso de que estea degradada. Pódese cambiar na propia aula e esta pode ser hixiénica.

Cales son os tempos de uso das distintas máscaras?

Todo o tempo que estea o alumnado na escola.

Existen tamén máscaras MOxAdTech e máscaras electrostáticas. A máscara portuguesa anunciada como "desactivadora" da covid, é eficaz?

Non hai evidencia.

Serven as máscaras electrostáticas?

Non hai evidencia.

Se un alumno esbirra coa máscara posta. Debe cambiarla?

Non é necesario que de cada esbirro se cambie a máscara. Cambiarase se esta está en mal estado.

Segundo o protocolo, cando un alumno ou alumna presenta síntomas compatibles coa covid colocaráselle unha máscara cirúrxica,

Si, tanto o coidador como o alumnado deben utilizar máscara cirúrxica se ten síntomas compatibles coa Covid-19.

Ten que ser un profesor quen poña a máscara ao alumnado?

Se é autónomo porá o alumno, se non fose posible deberíallo poñer o coidador.

Nalgúns casos o alumnado está dispensado de usar a máscarilla, por que non se contempla proporcionar FFP2 aos docentes que interactúan con ese alumnado?

As máscaras cirúrxicas son as que se indican para a poboación xeral e no traballo habitual que non sexa en unidades Covid dos hospitais ou residencias sociosanitarias.



Cales son as máscaras máis axeitadas para estar na aula, tanto para o alumnado como para o profesorado?

As aconselladas son as hixiénicas que cumpran coa normativa UNE 0065 ou as cirúrxicas.

Como podemos saber cando unha máscara está homologada?

A propia empresa ten que indicar se ten normativa UNE 0065 cando se compra.

Que diferenza existe entre máscara hixiénica e quirúrxica?

A hixiénica é de tela.

Un neno/a con prescripción médica que non poda usar a máscara, que medidas se poden tomar na aula se non se poden garantir as distancias de seguridade? Exemplo: colocar xunto unha ventana, non encarar con outros nenos, permitir o uso de pantalla... que máis?

Nos casos que non se poida garantir a distancia de seguridade e o/a alumno/a non poida usar máscara, a medida que se tomará será o manemento a distancia de seguridade.

É recomendable que o alumnado quite a máscara ao longo da mañá nalgún momento?

Non é recomendable que se retire a máscara durante a xornada escolar excepto para inxerir alimentos.

No caso dun alumno/a con NEE ou enfermidade respiratoria que non tolere a máscara, precisase dun informe médico que xustifique esta medida ou sería suficiente coa recomendación do Departamento de Orientación?

Nestes casos de ACNEE, necesitará un informe médico que así o acredite ou unha recomendación do departamento de orientación, calquera das dúas.

Que pasa se unha familia de Primaria non quere poñerlle a máscara ao seu fillo/a? Como debemos proceder?

É obrigatorio polo alumnado de máis de 6 anos a utilización de máscara independentemente da distancia de seguridade. Se unha persoa de máis de 6 anos non utilizara máscara, non debería acceder ao centro educativo.

Sería posible establecer a máscara como obrigatoria en infantil aínda que no protocolo non o contemple?

Non, a máscara en infantil é recomendable. Entre 3 e 6 anos é recomendado sempre que o tolere e con máis de 6 é obrigatorio. Ao ser unha recomendación ata os 6 anos, non pode exixirse que o alumnado vaia con máscara á escola. A partir dos 6 xa é obrigatorio segundo o BOE (<https://boe.es/boe/dias/2020/05/20/pdfs/BOE-A-2020-5142.pdf#BOEn>).

Que tipo de máscaras ten que traer o alumnado? Poden traer as que eles consideren máis oportunas?

Hixiénicas (recomendado, aínda que non obrigatorio que cumpran a norma UNE 0065) ou cirúrxicas.



Cómo procederemos se algún alumno de Primaria non trae máscara e non a quere usar, nin o consinte a súa familia?

A obrigatoriedade do uso da máscara é para todas as persoas de máis de 6 anos. Se non se quixera utilizar, habería que comunicalo á Inspección educativa.

As familias do alumnado de Educación Especial deberán traer certificado médico de exención do uso da máscara?

Este alumnado está integrado en aulas ordinarias e algúns deles tamén en escolarización combinada en centros de Educación Especial, co risco a maiores que supón para a comunidade educativa o feito de interactuar en grupos no estables de convivencia e en espazos diferentes. As nosas preguntas son:

A exención do uso da máscara debe vir avalado polo pediatra responsable ou polo equipo de orientación educativa de cada centro.

Existen máscaras transparentes homologadas no mercado para que poidan ser empregadas polo profesorado docente que imparte clase á alumando con dificultades auditivas?

Existen máscaras transparentes que cumpren coa normativa e poden ser utilizadas polas persoas xordas e profesorado de A.L.

Pódense empregar, nos centros educativos, as pantallas faciais sen poñer a máscara debaixo?

Non, as pantallas faciais son complementarias, o fundamental é utilizar a máscara.

Os estoxos para as máscaras deben cumprir algún requisito especial?

Non é necesario ningún requisito específico para os estoxos das máscaras pero serán de uso exclusivo para este fin.

NEAE

O alumnado de NEE precisaría de certificación médica cando non poida empregar máscara?

Si, inicialmente é necesario un informe médico ou do mesmo Equipo de orientación educativa se polos antecedentes e historial do ACNEE considerase oportuno que non é susceptible de usar máscara.

Qué medidas de protección son as máis recomendables para traballar co alumnado con NEE onde é imposible gardar as distancias?

Uso de máscara cirúrxica e pantalla de forma obrigatoria.

No caso de alumnado con NEE que non sexa capaz de traballar con máscara, pantallas nin outro tipo de protección, e onde é necesario ofrecerle unha atención educativa individualizada sentados ao seu carón, sen distancias, cómo plantexamos a actuación? Como abordamos diferentes situacións nas que o alumnado precise en todo momento de contacto físico, ben sexa para relaxalo, tranquilízalo, evitar que poida escapar, etc?





No caso do ACNEE planteanse dificultades adicionais unha vez que o uso da máscara ten máis dificultades. Neste caso é obrigatorio o uso da máscara cirúrxica e pantalla por parte dos coidadores así como lavado diario da bata e hixiene importante das mans.

Unha parte do alumnado con NEAE necesita contacto físico do profesorado para varias actividades, cal sería a forma axeitada de protección?

Utilización de máscara cirúrxica e pantalla.

Que facemos se un alumno NEAE, ou un alumno con conductas disruptivas non tolera a mascarilla e a quita continuamente?

Neste caso, haberá que manter unha adecuada distancia física e ventilación dos espazos.

No caso de ter un alumnado de primaria con necesidades específicas de apoio educativo e patoloxías respiratorias frecuentes (catarros, etc...)no que a familia decide non envialo ao centro por medo ao contaxio, pode solicitar a escolarización domiciliaria?

Esa decisión depende da Inspección Educativa.

O alumnado que debido ao seu trastorno (graves difilcutades interaccion social...) non poden empregar ningún tipo de máscara ou pantalla facial e ademáis para o traballo educativo precisase empregar a técnica de moldeamiento ,que medida de protección tanto individual como colectiva se debe empregar ?

A atención aos nenos/as con necesidades educativas especiais ten un protocolo específico. Nestes casos, é necesario manter a distancia de seguridade, hixiene de mans e pantalla se fose necesario.

Organización dos recreos

Algunhas recomendacións, suxestión para a organización dos recreos de educación secundaria? En moitos centos hai dous recreos de 20 minutos, sería mellor un só recreo de 35 minutos?

Non, o que é necesario é manter as máscara durante o recreo e a distancia de seguridade.

Pódense utilizar balóns durante os recreos para xogar cos compañeiros de la propia clase?

No estarían permitidos los elementos compartidos si no es por motivo de la clase de Educación Física.

Que recursos de xogo se poderán empregar con maior seguridade? segundo o tipo de material, tempo de corentena, produtos de limpeza eficaces,...

Xoguetes grandes fáciles de limpar.

Durante o recreo, o alumnado pode manipular material conxunto por GEC (tipo xogos de mesa, cartas, útiles de debuxo...)?

Preferiblemente non está aconsellado. De todos modos, poderían facelo se realizan unha hixiene previa das mans antes de manipular material compartido.



Poden ter algún tipo de contacto físico? Que medidas habería que observar?
[Non e aconsellable o contacto físico entre os nenos á hora do recreo.](#)

Ozono

É eficaz a aplicación de ozono para desinfectar útiles?
[Non existe evidencia da utilización de Ozono.](#)

Persoal de limpeza

Cales son as posibles que se lles poden encargar neste momento ao persoal de limpeza?
[As funcións para o persoal en relación á Covid ven determinada polos equipos Covid dos centros educativos](#)

Probos serolóxicos e PCRs

As probas serolóxicas están previstas para docentes, interinos, substitutos e todo o persoal que traballa nos centros?
[Realizouse unha campaña para chegar ao 100% dos profesionais educativos que permitía asegurar a transmisión serolóxica do virus.](#)

Incide no resultado da proba serolóxica estar sufrindo actualmente algunha enfermidade (aínda que non grave) e por iso estar con algún tratamento (por exemplo estar a tomar antibióticos por outra infección)? Convén avisar ao persoal sanitario que nos fará a proba? Grazas.
[Non, o test serolóxico só positiviza ante antíxenos contra o SARS-CoV-2](#)

É obrigatoria a proba serolóxica que programa a consellería?
[Non é posible obrigar a facer unha proba serolóxica, aínda que é moi aconsellable.](#)

Se un alumno/a dá positivo na PCR está obrigado a informar ao Centro ou é Sanidade quen se pon en contacto con nós?
[Todos os casos positivos serán comunicados pola Central de Seguimento de Contactos por medio dunha alarma ao centro educativo mediante o EduCovid.](#)

Cando un alumno/mestre/persoal fai a PCR e resulta positivo, ten a obriga de comunicarllo ao Centro educativo? ou é o SERGAS quen se pon en contacto con nós? É aí cando debemos avisar á Consellería de Sanidade e de Educación?
[Tras un caso positivo \(alumno/mestre/persoal\), a Central de Seguimento de Contactos contacta co centro educativo e alerta por medio de EduCovid de que lle envíen a rede de contactos. O centro educativo a partir de aí poñerá en contacto coa Xefatura Territorial e co centro de saúde de referencia para indicar o positivo.](#)



Mentres o alumnado ten síntomas e está en corentena na casa, non se fai ningunha proba ao grupo aula?

Se hai un caso positivo na aula, farase un test PCR ao alumnado considerado contacto estreito. En caso dun alumno con corentena que pertenza a unha aula, non se fará test nen cuarentenado ao resto dos alumnos.

No caso de aparecer confirmado un positivo, como se procede coa corentena? ao grupo aula ou ao equipo colaborativo? a todo o profesorado que pasou pola clase? só ao titor?

Esa é unha decisión da autoridade sanitaria en colaboración co equipo covid do centro educativo.

Cóñezo varios casos de xente que tivo contacto con algún positivo. Por prevención indicáronlle que permanecese illada na casa. En poucos días fixéronlle PCR e estudo serolóxico en sangue (non test rápido). Resultados negativos ambos, é dicir, non ten virus nin xerou anticorpos. Pero mandan gardar corentena igualmente. A que se debe? Supostamente esas persoas non teñen o virus. Deberían repetir a PCR nun par de días e se das negativo xa está non? Ante un contacto estreito, realizase unha PCR inicial para determinar se esta persoa trátase dun caso positivo e non dun contacto estreito e continuar coa investigación da rede de contactos. Os contactos estreitos deben estar en corentena os días que se estipulen unha vez que o tempo que ten o virus para dar síntomas e positivizarse é de 10-14 días.

Residencias de estudantes

Existe unha normativa propia que regule as residencias de estudantes? Que normativa hai que aplicar?

Existe unha normativa específica que depende da Consellería de Política Social

Responsabilidade xurídica

Que cobertura legal de defensa temos tanto o centro, equipa directiva, equipa COVID, tanto a nivel civil como a nivel penal se unha familia decide denunciar ao centro educativo ou ao persoal docente?

Non existe este risco. Se o centro educativo mantén o protocolo consensuado por ambas Consellerías isto garante ante o xulgado que se cumpriron coa normativa de prevención da Covid. Ademais, non é posible coñecer onde se contaxiou unha persoa.

Responsabilidade: quen asume a responsabilidade dalgún erro na toma de decisións ou pasos do proceso

O protocolo conxunto entre as Consellerías de Cultura, Educación e Universidade xunto coa Consellería de Sanidade, da o respaldo legal necesario para as actuacións derivadas.



Que responsabilidades se poden ter por erros cometidos sin haber mala praxe?

O cumprimento dos protocolos consensuados por ambas Consellerías e aprobados polo Comité de Crise da Covid eliminarán as responsabilidades que se indica.

Sala de illamento do alumando

No caso de ter que illar un/unha neno/a na aula de illamento, quen é a persoa encargada de entrar con el/ela? O/A titor/a? O profesorado de garda? Os membros do equipo Covid? Esta persoa, volve ás súas clases con normalidade? Queda illada no centro? Marcha para casa??

A persoa encargada de acompañar ao alumnado con síntomas positivos será designado polo Equipo Covid. Non hai ningunha norma establecida ao respecto. Queda á decisión do centro.

A persoa acompañante, cumprindo coas medidas que se indican pode volver á súa actividade con normalidade.

No caso dun illamento, que se fai co grupo de referencia-clase? Habería que desinfectar a aula?

Non é necesario desinfectar a aula, coa hixiene habitual e ventilación é suficiente.

No caso do illamento dun/dunha neno/a hai que comunicalo as familias dos/as nenos/as do grupo estable ao que pertence ese/a neno/a?

A comunicación ás familias dos/as nenos/as que se consideren contactos estreitos farao directamente a Central de seguimento de contactos.

Se ahi varios alumnos de diferentes clases con síntomas compatibles coa COVID, sería axeitado mantelos a todos na mesma aula de illamento aínda que se ventile correctamente e se mantivese a distancia de seguridade?

Poderían manterse na mesma aula se fose posible manter unha distancia mínima de 3 metros entre eles e con utilización de máscaras cirúrxicas.

En relación o espazo reservado para o alumnado con síntomas, hai un número máximo de persoas que poden estar nel? Debe estar acompañado/a por alguén nalgún caso?

Depende do tamaño da sala. De inicio deberá ser un neno/a de cada vez, aínda que poderían ser máis se están separados por 2 metros cada un.

En canto ao espazo de illamento, se non se pode habilitar un espazo totalmente separado das aulas, como se debe proceder?

A sala Covid debe estar ben ventilada e dispór de xel hidroalcohólico e mascarar cirúrxicas. O lugar que se escollo pode ser calquera que cumpra as condicións.

O espazo de illamento individual debería ser único, pero que facemos se varios nenos/as presentan sintomatoloxía ao mesmo tempo?

Poderase utilizar un espazo alternativo, preferentemente no exterior baixo cuberta ou separar aos nenos nunha distancia de máis de 3 metros dentro do mesmo espazo.





Hai que quitarlle a máscara que leva posta e cambiala por outra?

Se xa leva unha máscara cirúrxica, deixaríaa posta. Se é unha máscara hixiénica, debería cambiarse por unha cirúrxica.

É aconsellable usar unha ffp2 ou kn95 na sala de illamento?

Unha máscara cirúrxica é suficiente.

Respecto a aula COVID. No noso centro dispoñemos dun espazo non moi grande, sen ventilación (agás a porta, claro), na pranta baixa. Ten a ventaxa de ao ser pequeno, facilita a desinfección e está próximo a saída. O outro espazo que poderíamos empregar como aula covid, está no segundo piso. Trátase da aula de convivencia, que pasaría a ser aula COVID. É moito máis grande, pero está ventilada.

Deberíamos “sacrificar” a ventilación por outros aspectos positivos: comodidade, facilidade de desinfección e limpeza ou é preciso que cumpra todos os apartados, a pesar de estar máis lonxe e ser máis grande?

O fundamental para a prevención da transmisión do SARS-CoV-2 é a ventilación, debería ser prioritaria. Se a sala máis pequena carece de ventilación, non será válida.

Como proceder no caso de non poder localizar á familia do alumando que está na sala de illamento?

Continuará illado ata que o veñan a buscar para levar a casa.

É aconsellable levar un rexistro do alumnado que fixo uso da sala de illamento?

Non é necesario rexistrar ás persoas que vaian á praza Covid.

Ademáis de alumando e profesorado, alguén máis pode usar a sala de illamento?

Podría utilizarla ao ser persoal do centro educativo.

Sintomatoloxía da COVID_19 e xestión do Sergas e dos seguros privados

Un único síntoma da enquisa de autoavaliación clínica é suficiente para ter sospeita de infección por Covid?

Sí. É correcto. Cun único síntoma é suficiente.

No caso de que algún alumno/a presente sintomatoloxía no centro, cales son os pasos a seguir na aula? Co resto de compañeiros, profesorado, medidas de desinfección da aula ordinaria.....

O resto dos compañeiros continuarán na clase ata que se determine o positivo do compañeiro. Non será necesario realizar ningunha desinfección específica.

No caso dunha EEI na que traballa un só docente a maior parte dos días, como hai que actuar en caso de illamento por síntomas de covid? No protocolo fala de quedar unha persoa con él, pero neste caso como se xestiona? que se fai co resto dos nenos?

O resto dos nenos quedaría ao cargo de outro profesional da escola.





Si existe un síntoma compatible coa COVID gárdanse os 15 días de corentena ou vaise a escola se o síntoma desaparece ao día seguinte?

Deben gardarse un mínimo de 10 días de illamento dende o inicio dos síntomas e sempre que teña os 3 últimos días sen síntomas.

Cal é a temperatura corporal máxima coa que se pode acudir ao centro educativo?
37,5°C

No caso de sintomaloxía, a quen deben dirixirse o persoal que teña cobertura sanitaria privada e non polo Sergas?

Co seu médico da mutua (Adeslas, Muface, etc.)

Cales son os pasos a seguir no caso de que un alumno/a ou un profesor/a fose mutualista (DKV, Adeslas,...) e non tivese un médico de familia ou un pediatra asignado e esa persoa tivese contacto directo cun positivo ou síntomas?

Deberá contactar coa súa mutua. A atención sanitaria nos centros de saúde do Sergas, son exclusivos para asegurados do Sergas ou persoas de Muface que así o escollan.

Unha persoa que tan só presenta o síntoma de diarrea ou dor de cabeza. Debese activar o protocolo Covid-19? Hai algún parámetro a ter en conta?

Neste caso, debe ser avaliado polo seu/súa pediatra. Ambos poden ser síntomas da Covid 19.

En nenos, cales son os grupos vulnerables? Son nenos/as con procesos oncolóxicos activos ou enfermidades que provoquen inmunodeficiencias severas.

Se calquera membro da unidade familiar, presenta síntomas compatibles co covid-19, hai quedar na casa?

A persoa con síntomas compatibles coa Covid, deberá realizar o que lle indique o seu médico. Non hai unha norma única.

É a dolor de cabeza finalmente un dos síntomas da Covid?

A sintomatoloxía da Covid é moi diversa. A cefalea pode ser un deles.

A temperatura maior de 37.5° supón sospecha de COVID? Como se debe actuar neste caso?

Una temperatura superior a 37.5 implica sospeita de Covid. Neste caso, non debería actuarse ata que se reciba a comunicación da Central de Seguimento de Contactos. Non se debe incluír a ninguén sen que chegue a alerta a EduCovid.

É a tos síntoma de COVID? É algo frecuente entre alumnado e profesorado, polo sería desexable algunha indicación para diferenciar aquela que pode ser Covid de outra motivada por outras causas.

No, no existe ningún síntoma indicativo propio de la infección por Covid-19 en el caso de la tos.



Pódese administrar medicación ao alumnado en caso de aportar un informe médico coas pautas de administración?

Habería que analizar caso por caso. Non hai unha norma xeral.

Sábese canto dura a incubación do Virus?

O período de incubación pode ser de ata 14 días dende o contacto cun positivo.

Como actuar en caso de sospeita Covid?

Ante un neno ou nena con síntomas de sospeita, deberase contactar cos seus pais ou titores para que contacten co seu pediatra. Só se rexistrarán e comunicarán á Xefatura Territorial os casos confirmados, non a sospeita.

A familia sempre ten que informar ao centro do que lle comunican no centro de saúde? Ten que notificalo por escrito? De palabra?

Non será necesario. Se o médico considera que o neno ou nena poden acudir á escola, non será necesario ningún xustificante. Se se tratase dun caso covid positivo, enviarase a alerta a EduCovid.

Ante un cadro catarral durante bastantes días, quédase na casa? Cantos días se xustifican as faltas? Ata que se fai proba diagnóstica? Ata que pasa o catarro?

En caso de un neno ou nena con síntomas catarrais (tose, febrícula, etc) non debería acudir á escola. Se fose necesario realizar unha PCR, o pediatra a solicitará e comunicará aos pais o resultado.

Unha alumna do centro ten fibrose quística, a súa tose pode confundirse coa sintomatoloxía compatible co COVID, que facer neste caso? Podería ter un informe médico para a escolarización domiciliaria?

Cando coexistan patoloxías do ámbito respiratorio, a característica que definirá a aparición de síntomas é o de incremento da tose habitual. Os médicos non poden dar informes para a escolarización domiciliaria.

Como actuar ante a sintomatoloxía da Covid?

Os sintomáticos avisarán ao centro de que non acudirán ao traballo.

A aplicación EduCovid cubrirase cando se detecte un caso positivo.

A comunicación ao centro de saúde de referencia farase para comunicar só os positivos.

Transporte

Cales son os riscos do transporte escolar?

Os mesmos que en calquera tipo de transporte. Deberían levar todos eles máscara.

Como se debe proceder no caso de que calquera persoa allea ao centro suba no autobús escolar? Deberíase preguntar o nome para facer un seguemento?

Sí, todas as persoas que suban a un autobús escolar, deberán estar identificadas e cun número de teléfono de contacto.





Ventilación das aulas

Abrir as portas é beneficioso para ventilar? Ou é mellor deixalas pechadas para que non saia nada ao corredor? Ventilar é beneficioso.

O que se indica é ventilar uns 10 minutos cada hora. Se as condicións climáticas o permiten, pódese optar por deixalas abertas, aínda que agora que de achega o outono e inverno, non será aconsellable manter as fiestras abertas.

Cada canto tempo debemos facer a ventilación?

Cada 1 hora uns 10 minutos de ventilación.

Se un grupo leva na aula máis de 3 horas, habería que facer unha ventilación extra? Cada hora ou hora e media, sería necesario unha ventilación.

Se o grupo queda na aula pero cambia o profesor, débese ventilar? Cada hora ou hora e media, sería necesario unha ventilación.

Nun Salón de actos con varias portas de entradas, a ventilación pode ser dun só punto ou debe ser de máis? - Que ocorre nos recreos nos cales os alumnos comen e están sen máscara, teñen que ter un espazo só reservado para comer?

En calquera estancia pechada, debe haber ventilación cruzada que renove o aire contido dentro da estancia.

Xestión de residuos

Hai algún protocolo de xestión dos residuos tipo máscaras, luvas, papeis de limpeza, a nivel centro?

Botaranse no lixo común nunha papeleira con tapa.

Que materia vai en cada papeleira, poderíase seguir empregando o contedor de papel e manter a reciclaxe de residuos ou pola contra débense de extremar as precaucións.

As papeleiras deberían dispoñer de tapa con pedal. O resto da reciclaxe, como se viña realizando habitualmente.

Xustificación faltas de asistencia ou baixas

Como se xustifican as faltas do profesorado que presenta sintomatoloxía compatible co covid-19?

As persoas adultas deberán presentar a IT correspondente para xustificar os 10 días de corentena.

Se un docente pertence a un seguro privado (Adeslas por exemplo) cal é o procedemento se ten síntomas e non acude ao centro, e cal vai ser a súa situación (de baixa...)?

A baixa se tramitará como unha baixa habitual, como ata agora.

Como actuar coas faltas do profesorado por Covid?

No caso dos mestres, será necesario unha baixa por IT. A ausencia de certificado en caso de caso sospeitoso de coronavirus só é para o alumnado.





Estar en illamento domiciliario por estar en contacto cun positivo, será motivo de baixa?

Se a persoa adulta ten que estar en corentena por ser contacto estreito dun caso positivo, terá que solicitar unha baixa. O médico de familia xa ten articulado esta baixa.

Se un convivinte presenta síntomas non se debe asistir ao centro. Como se vai xustificar esta falta?

O seu médico de familia lle indicará a solución.

En caso de que un mestre se atope mal, pero ao final non é COVID , as faltas serían xustificadas?

Non, o das faltas xustificadas só aplica á poboación infantil.